


Ola, son **Óscar Cabeza Gras** e o 10 de febreiro de 2012 estarei na Biblioteca Central Rialeda para falar sobre **“Energías renovables para o século XXI”**. Nesta sinxela guía podes consultar algúns libros e DVD que a biblioteca seleccionou para ti relacionados con esta charla científica.




Sabías que 2012 foi declarado pola ONU **Año Internacional da Enerxía Sustentable para Todos/as?**




**“A enerxía”, (volumen 9 da Enciclopedia temática ilustrada A Nosa Terra), de Adela Leiro e Mon Daporta**  
 Neste volume podes achegarte a unha completa información sobre a enerxía: Que é, tipos de enerxía, fontes enerxéticas, enerxía e medio ambiente, recursos e aforro enerxético, inventos e descubrimentos relacionados coa enerxía, etc.


**“La energía”, de Néstor Navarrete**  
 Existen moitas fontes de obtención de enerxía, e algunhas como a queima de leña e outros produtos vexetais utilízanse desde antigo. Hoxe estamos obtendo corrente eléctrica a partir dos gases producidos polo lixo orgánico soterrado en plantas de tratamento de residuos e cada vez é máis doado ver pequenas plantas de produción eléctrica que utilizan residuos herbáceos ou leñosos.



**“Energía” da colección ¡Descubre tú mismo!, de Chris Woodford**  
 O mundo da enerxía ten moitas facetas e este libro vaichas amosar: *vento e auga, bioenerxía, a enerxía no mundo, o futuro*, etc. Sabías que en 2025 estímase que os países industrializados gastarán unha terceira parte máis de enerxía da que utilizan hoxe? A enerxía é unha das cousas máis valiosas do mundo e nas nosas mans está evitar unha crise enerxética.




**“¡Enchúfate a la energía!” de Ignacio Fernández Bayo**  
 Ademais da información científica que aporta, este libro contén pasatempos e un relato de Jordi Sierra i Fabra. Lembra: a enerxía máis limpa é aquela que non se gasta e que podemos aforrar enerxía de moitos xeitos: utilizar luces de baixo consumo, aproveitar ben a calefacción, non abrir a porta do frigorífico máis tempo do necesario, utilizar o transporte público ou a bici para desprazarte, etc.





**“Didavisión 2”, “Aula interactiva de ciencias 2”, “Cambio climático: o reto do século XXI” e “Os sostibles: aforrando enerxía”**

Os tres primeiros son DVD para coñecer máis sobre o mundo da enerxía. O DVD sobre o cambio climático fálanos da necesidade de rematar coas “malas prácticas enerxéticas” para frear os gases de efecto invernadoiro. No CD-Rom de Os Sostibles temos xogos cos que aprenderemos a aforrar enerxía e acadarmos un planeta máis limpo.




**“A enerxía do futuro e as súas aplicacións”**

Estes tres DVD veñen acompañados dun libro que explica, desde as fontes de enerxía tradicionais aos futuros recursos enerxéticos. Cal será o futuro da enerxía? serán as células fotovoltaicas?, serán os satélites con grandes paineis solares?, a enerxía eólica a grande altura?, a enerxía nuclear de fusión?, os nanoxeradores?, os organismos e microorganismos de deseño para producir bioenerxía?, ou unha mestura de todas elas?. A ciencia non para de investigar novas fontes de produción de enerxía máis respectuosa co ambiente.

**“Guía práctica de la energía: consumo eficiente y responsable”, “Guía práctica de la energía solar” e “Energía: factor crítico en la sostenibilidad”**


Dous manuais prácticos: un axudaranos a aforrar enerxía e o outro á instalación de placas solares. O terceiro libro analiza a insostenibilidade do modelo actual e a necesidade de cambiar para un comportamento enerxético máis responsable.



**ENERGÍAS RENOVABLES**

(Fundamentos, Tecnologías y Aplicaciones)

Antonio Madrid



**“Energías renovables” de Antonio Madrid e “Energías del siglo XXI” de Gregorio Gil García**

Dous ensaios técnicos nos que se estudan os fundamentos, tecnoloxías e aplicacións para cada tipo de enerxía: solar térmica, fotovoltaica e termoeléctrica, eólica, biomasa, hidráulica, fusión nuclear, procedente do hidróxeno, xeotérmica, etc.